

MESA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL TUSSA

ACTA da 2ª XUNTANZA

Concurso público, por procedemento aberto, para a contratación do subministro, instalación e mantemento, no período de garantía, dun sistema de xestión, control e cobro no aparcadoiro e dársena de Xoán XXIII e no aparcadoiro de Belvís.

No Salón Verde da Casa Consistorial, réunese a Mesa de Contratación, o 21 de decembro de 2017 ás 14.20 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Jorge Duarte Vázquez

Vogais: D. Xan Duro Fernández, representante de CA.

Don Claudio Montiel Carracedo, representante do PP.

Don Rubén Cela Díaz, representante do BNG.

Don José Ramón Mosquera Ferreiro, director xerente da Sociedade.

Don Antonio Padín Tuimil, técnico da Sociedade.

Secretario: Don José Ramón Alonso Fernández

Non asisten: Don Gonzalo Muíños Sánchez, representante do PSOE.

Dona Inmaculada Viña Carregal, interventora municipal.

Non asiste ningún representante das empresas licitadoras.

ORDE DO DÍA

1. **Apertura do sobre nº 2, coa documentación relativa aos criterios de adxudicación non avaliábles mediante cifras ou porcentaxes.**

A mesa de contratación procede coa apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adxudicación non avaliábles mediante cifras ou porcentaxes dos licitadores admitidos e procédese coa verificación do cumprimento dos requirimentos formais esixidos no prego, resultando que a empresa MAQUINARIA, ESTACIONAMIENTOS Y PARKÍMETROS, SL (MEYPAR) incumpre o requirimento do prego, que na súa cláusula 13.3 sinala:

*“Así mesmo, será motivo de **exclusión** da licitación, o feito de que a documentación incluída neste sobre non estea subscrita na súa totalidade polo licitador, ou non vaia acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na*

*que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. Esta deficiencia unicamente poderá ser **subsanada** coa presenza do apoderado da empresa no acto público de apertura deste sobre”.*

Non estando presente ningún representante da empresa neste acto, a mesa acorda a exclusión desta oferta da licitación.

Polo tanto continúan no procedemento:

BYMAR-PARK, SL
EQUINSA PARKING, SLU
PARKARE GROUP, SL
HORUS HARDWARE, SA

Finalmente acórdase o traslado da documentación dos licitadores admitidos ao técnico de TUSSA aos efectos de realizar o informe valorativo e os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios non avaliados mediante cifras.

Sen mais asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 14.19 horas. Dou fe.

